

O BNG esixe ó Alcalde de Xinzo que deixe de crispas á veciñanza de Gudín

O BNG reclama a Antonio Pérez que devolva a normalidade a veciñanza de Gudín, moi preocupada pola planta de lixo.

Xinzo da Limia, 1 de novembro de 2011. O portavoz municipal de Xinzo, Amador Díaz Penín, tralo enorme malestar e crispación vividos o pasado domingo nunha xuntanza de comeneiros do monte do término municipal de Gudín, onde mesmo chegou a intervir a Policía Local de Xinzo para manter o orden público, esixe que “o alcalde Antonio Pérez devolva a normalidade ó pobo de Gudín onde ata o de agora a xente vivía moi tranquila, en paz e sen ningún tipo de problemas nin co monte, nin co lixo nin con nada”.

Gran interese do alcalde pola situación da planta de lixo en Gudín.

Neste sentido, Amador Díaz denuncia que “o que debería explicarnos a todos o señor alcalde do PP Antonio Pérez, ós de Gudín e do resto de Xinzo, é o por que dise gran interese seu en traer unha planta de basura aquí e aínda por enriba darlle o servizo a unha empresa SOREVA S.L., tapadeira de outras, que non ofrece ningunha garantía na correcta xestión do lixo e que en Murcia a semana pasada o goberno autónomo lle pechou un vertedeiro ilegal en Abanilla”.

